

## *Félix de Ozámiz*

D. Félix de Ozámiz naceu en A Coruña o 20 de Xuño de 1904, fillo de D. Luis Ozámiz Ostolaza e de Dna. Margarita Rodríguez Sesmeros, ingresou na escola naval militar en 1918, ao finalizar a 1ª Guerra Mundial.

Foi á fronte da Comandancia da Mariña de Vigo onde tamén librou unha das súas mais brillantes batallas, sen máis miras que o ben dos seus administrados. Aínda a cambio de prexudicar o seu progreso ou medre persoal, soubo enfrontarse de cheo e decididamente contra canto e cantos puideran contribuír ao detrimento da nosa riqueza pesqueira.

Entre outros moitos xestos, opúsoxe a que a factoría de "Celulosa" fora asentada onde hoxe se atopa.

Tan considerado e digno para el era un rico armador coma o máis humilde e pobre dos pescadores, se acaso máis necesitados estaban estes da súa protección e axuda, e así se aprestaba.

El tamén dicía "si" á explotación de algas pero sempre regulando rigorosamente a estación, a cantidade, a forma e a zona na que ultimamente podería permitirse levala acabo...

Logrou facer desaparecer o emprego da dinamita e as artes prohibidas na pesca.

Se tiña que prohibir a algún pescador desobediente e recalcitrante o exercicio na pesca (el dicía que estes non eran pescadores, senón mariñeiros), buscáballe un posto como tal mariñeiro

na Mercante, e así a familia non quedara sen pan e podería incluso vivir mellor.

Na súa carreira como almirante tamén coñeceu a D. Álvaro Guitián Delgado, ao que Cangas tamén lle agradeceu o que fixo por ela.

Cerca de 30 anos permaneceu estreitamente unido a Cangas, pois tiña a súa residencia no "Espíritu Santo", concretamente na finca de "Leirachán", residencia da súa nai política.

Morreu en Ferrol no ano 1958 e foi enterrado no cemiterio de Coiro. Os cangueses, nunha mostra de agradecemento, enviaron máis de 5.000 firmas de cabezas de familia



ao Axuntamento esixíndolle a súa designación como "*fillo adoptivo de Cangas*".



*Déuselle o seu nome á rúa principal do barrio dos mariñeiros de Cangas, O Forte.*

(Resumo do artigo de Eugenio Eiroa Hermo, publicado en "Fiestas del Divino Espíritu Santo 92")